



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS DO  
CONSELLO SOCIAL DO 26.04.2022**

**LUGAR:** Sala II do Edificio Miralles - Campus de Vigo

**DATA:** 26.04.2022

**HORA DE COMEZO:** 12:05 h.

**HORA DE REMATE:** 13:20 h.

**LISTA DE ASISTENTES**

Ernesto Pedrosa Silva

Mercedes Castro Mouzo

María Teresa Cendón Alonso

José María Franco García

Yolanda López Fernández

Ana María Ortiz Álvarez

**DESCULPAN ASISTENCIA**

César Blanco Gómez

Miguel Ángel Michinel Álvarez

**SECRETARIO**

Ignacio Rodríguez Iglesias



O martes, día 26 de abril de 2022, ás 12:05 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

### ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (22.02.2022).
2. Informe do presidente. Asuntos pendentes.
3. Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio para a organización da *I Feira internacional EMPREGO in CAMPUS da UVigo*, en colaboración coa Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria.
4. Acordo que proceda sobre a participación do Consello Social na produción e distribución de material de acollida do alumnado da Universidade de Vigo no curso 2022/23, en colaboración coa Vicerreitoría de Comunicación e Relación Institucionais.
5. Acordo que proceda sobre a solicitude de colaboración para achegar ao estudantado da Universidade de Vigo as habilidades de debate e oratoria, cara á organización en Vigo, e en alianza coa Liga española, do primeiro torneo de Debate universitario.
6. Acordo que proceda sobre a petición de apoio para as xornadas internacionais "Xustiza e xénero", previstas no Campus de Ourense.
7. Acordo que proceda sobre a proposta de apoio para a edición e publicación do traballo "Ciudades educadoras", da pedagoga e doutora Laura López Atrio.
8. Acordo que proceda sobre a colaboración solicitada pola asociación estudantil intercentros UVigo SpaceLab, para o proxecto de deseño, fabricación, posta en órbita e operación de pequenos satélites.
9. Aprobación, se procede, da axuda precisa para a difusión telemática de contido sobre a inserción dos titulados da Universidade de Vigo, dende o Observatorio de Persoas Tituladas.
10. Aprobación, se procede, da delegación no presidente do Consello Social da distribución previa das bolsas-colaboración para o curso 2022/2023, debendo dar conta da resolución na primeira reunión da comisión ou do pleno que se convoque.
11. Rogos e preguntas.

---

*O presidente agradece aos presentes a súa asistencia e escusa a ausencia de César Blanco por causas xustificadas.*

#### **PUNTO 1**

*Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (22.02.2022).*

- ***Apróbase por asentimento.***

#### **PUNTO 2**

*Informe do presidente. Asuntos pendentes.*

Ernesto Pedrosa dá conta da evolución das axudas concedidas pola comisión no que vai de 2022, e da información adicional sobre o Forum IEV-22 solicitada por José María Franco na sesión anterior e á que dan conformidade os asistentes.



### **PUNTO 3**

*Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio para a organización da I Feira internacional EMPREGO in CAMPUS da UVigo, en colaboración coa Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria.*

En colaboración con EURES Galicia-Norte de Portugal, a UVigo crea un espazo común para impulsar a empregabilidade entre o estudantado e os recién titulados. A este fin, a Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria solicita o apoio do Consello Social. A Feira terá tres eventos en distintas datas, (un en cada Campus) no que as empresas ofrecerán saídas laborais, prácticas académicas e pistas sobre as necesidades do mercado laboral en cada ámbito de coñecemento. O presidente propón unha contribución de 2.500 € por Campus.

- ***A Comisión aproba unha aportación de 7.500 €.***

### **PUNTO 4**

*Acordo que proceda sobre a participación do Consello Social na produción e distribución de material de acollida do alumnado da Universidade de Vigo no curso 2022/23, en colaboración coa Vicerreitoría de Comunicación e Relación Institucionais.*

Explica o presidente que durante os últimos anos, o Consello Social produciu e distribuíu carpetas-guía como material de acollida, orientación e benvida aos máis de tres milleiros de alumnos que cada curso comezan os estudos na UVigo. Xa no curso 2019/2020 estableceuse un acordo coa Vicerreitoría de Comunicación para compartir a iniciativa, que no curso 2020/2021 se modificou incorporando unha axenda. A resultados de experiencia recollida, dende a Vicerreitoría de Comunicación propónse que para o vindeiro curso 2022/2023 se elabore e entregue unha axenda con contidos similares á do curso actual, con mapas dos Campus, información institucional, localizacións e contactos de servizos universitarios e toda a oferta de Grao e Posgrao. O Consello Social manterá a súa presenza e a súa imaxe.

- ***A Comisión propón unha achega por un importe máximo de 14.500 €, pendente da supervisión de contidos, orzamentos e plano de distribución.***

### **PUNTO 5**

*Acordo que proceda sobre a solicitude de colaboración para achegar ao estudantado da Universidade de Vigo as habilidades de debate e oratoria, cara á organización en Vigo, e en alianza coa Liga española, do primeiro torneo de Debate universitario.*

Co fin de dotar ao estudantado de capacidades para defender e expoñer con argumentos claros e concisos as súas ideas, a Asociación de Debate Universitario Retórica da UVigo promove iniciativas para formar ao alumnado nas habilidades de debate e oratoria. Esta formación lévase a cabo na Escola de Telecomunicacións, na que residen a maioría dos membros que forman a Asociación, e na que os máis expertos ensinan as técnicas e os exercicios prácticos a todos os interesados. A Asociación participa, asemade, en torneos a nivel autonómico e nacional, e prevé organizar no curso 2022/2023 o primeiro debate universitario da UVigo. Pedrosa Silva cualifica a iniciativa de "tema atractivo", e propón que se lle concedan 2.000 €, para homologar nesa cantidade, e con carácter Xeral, as axudas a iniciativas dos estudantes.

- ***Apróbase conceder 2.000 €.***



### **PUNTO 6**

*Acordo que proceda sobre a petición de apoio para as xornadas internacionais "Xustiza e xénero", previstas no Campus de Ourense.*

A Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, acollerá as xornadas, que teñen como principal obxectivo estudar as liñas definidoras e a problemática que afecta as desigualdades entre homes e mulleres, dende unha perspectiva clínica, xurídica e psicosocial no eido da xustiza. Tamén se debaterá sobre as últimas reformas legais; e se abordará un estudo clínico das resolucións xudiciais en supostos de conflictividade e crise matrimonial. O programa está especialmente enfocado a complementar a formación do estudiantado. A proposta do presidente,

- ***Apróbase unha aportación de 1.500 €.***

### **PUNTO 7**

*Acordo que proceda sobre a proposta de apoio para a edición e publicación do traballo "Ciudades educadoras", da pedagoga e doutora Laura López Atrio.*

Expón o presidente a publicación dun traballo elaborado a modo de guía para facer posible que as cidades faciliten o desenvolvemento da educación integral das persoas. A "Carta de Cidades educadoras" foi aprobada en 1990 e defende que todos os recursos das cidades deben aproveitarse para formar cidadáns libres, cultos e participativos, complementando a ensinanza regrada coa actividade das institucións, entidades culturais ou asociativas, entre outras, que tamén educan. A autora do traballo, Laura López Atrio, é doutora en Comunicación e psicopedagoga, e foi membro do Consello Social (2008/2011), segundo subliña o presidente. José María Franco resalta o merecemento da autora.

- ***Apróbase unha aportación de 1.980 € + IVE e solicítase a entrega de 50 exemplares para o Consello Social.***

### **PUNTO 8**

*Acordo que proceda sobre a colaboración solicitada pola asociación estudiantil intercentros UVigo SpaceLab, para o proxecto de deseño, fabricación, posta en órbita e operación de pequenos satélites.*

Resume o presidente que un grupo de estudantes de Telecomunicacións, Aeroespaciais e Industriais, apaixonados polo espazo e o deseño, fabricación, lanzamento e operación de pequenos satélites, crearon en 2020 a UVigo SpaceLab. Dende entón abriron o proxecto a estudantes de todas as carreiras, pecharon importantes contratos con empresas especializadas, participan en talleres e congresos a nivel mundial e traballan en proxectos avanzados como o primeiro prototipo de satélite biolóxico. Actualmente ultiman a posta en órbita do seu primeiro satélite. José María Franco e Yolanda López expresan a importancia do proxecto. En liña co exposto no punto 5 por Ernesto Pedrosa,

- ***Apróbase unha aportación de 2.000 €.***

### **PUNTO 9**

*Aprobación, se procede, da axuda precisa para a difusión telemática de contido sobre a inserción dos titulados da Universidade de Vigo, dende o Observatorio de Persoas Tituladas.*

Os informes, estudos, enquisas, noticias, eventos e outros temas de interese que desenvolve o Observatorio son difundidos e actualizados nas plataformas da páxina web, páxina de LinkedIn e canle de YouTube. Subliña o secretario que a creación de contidos para o antigo alumnado, xunto coa divulgación e actualización permanente dos mesmos permite unha valiosa comunicación bixectiva e ampliar a base de datos de persoas tituladas. A axuda que se propón posibilitará manter este servizo de xeito continuado até decembro de 2022.

- ***Apróbase unha aportación de 3.000 €.***



### **PUNTO 10**

*Aprobación, se procede, da delegación no presidente do Consello Social da distribución previa das bolsas-colaboración para o curso 2022/2023, debendo dar conta da resolución na primeira reunión da comisión ou do pleno que se convoque.*

Tanto presidente como secretario explican por que se pide a delegación da adxudicación inicial das Bolsas-colaboración 2022/2023 que concede o Ministerio de Educación á UVigo para cada curso. O acordo tómase para o caso de que fose preciso, dados os imponderables e a imprevisión das datas da convocatoria, ante a posible présa e dificultades para conciliar os prazos necesarios de resposta ao Ministerio e a loxística do calendario de reunións do Consello Social. De facer uso da delegación, deberá informar na primeira reunión que se convoque, e en todo caso no Pleno.

- ***A Comisión dá a súa aprobación.***

### **PUNTO 11**

*Rogos e preguntas.*

A instancia de M<sup>a</sup> Teresa Cendón ábrese sendas roldas de opinións sobre as posibilidades de que a UVigo poida contar cunha Facultade de Medicina, e sobre as posibilidades de evitar que marche de Vigo o Instituto Oceanográfico pola gran perda que representa a efectos empresariais e investigadores principalmente. Sobre esta segunda cuestión conveñen os presentes na necesidade de solicitar máis información por se fose conveniente que o Consello Social se pronuncie.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:20 horas do 26 de abril, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias